

2021

Xunta de Galicia

**PROGRAMA DE MELLORA
DA XESTIÓN DAS
ENTIDADES INTEGRANTES
DO SECTOR PÚBLICO
AUTONÓMICO DE GALICIA
2021-2023**

Índice

1. INTRODUCCIÓN	2
2. DIAGNÓSTICO.....	3
2.1. Marco normativo.....	3
2.2. Situación de diagnóstico	4
3. OBXECTIVO, ÁMBITO DE APLICACIÓN E ÓRGANOS	5
4. FASES.....	6
Fase I.....	6
Fase II.....	8
Fase III	9
5. SEGUIMIENTO	10

1. INTRODUCCIÓN

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, establece no seu artigo 20 que a política de xestión da calidade da Comunidade Autónoma de Galicia concretarase a través dun plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia que será aprobado polo Consello da Xunta de Galicia por proposta da consellería competente en materia de avaliación da calidade dos servizos públicos.

O Decreto 97/2020, do 25 de xuño, polo que se regulan determinados instrumentos para a xestión, a avaliación, a supervisión e a mellora da calidade no sector público autonómico de Galicia, establece no seu artigo 4 que o Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia conterá un conxunto ordenado de medidas dirixidas a potenciar a mellora dos servizos do sector público autonómico de Galicia e incrementar a satisfacción das persoas co funcionamento da administración.

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión do 4 de marzo de 2021 o Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia, que no seu eixo 1, relativo ao funcionamento dos servizos públicos, incorporou como primeira medida a de *“Impulsar a elaboración e aprobación dos instrumentos de xestión das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia”*.

Dentro desta medida, incluíronse varias accións concretas, sendo a primeira delas a aprobación dun Programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia, no que se planificará un proceso de implantación progresiva destes instrumentos de xestión no sector público autonómico.

Segundo o calendario de implantación das accións incluído no propio Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia, o devandito programa de mellora da xestión debe ser aprobado polo Consello da Xunta de Galicia no ano 2021, e deberá incluír unha temporalización dos traballos de elaboración e aprobación dos ditos instrumentos.

2. DIAGNÓSTICO

2.1. Marco normativo

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en diante LOFAXGA) regulou no seu título III o réxime xurídico das entidades instrumentais do sector público autonómico e estableceu os instrumentos de planificación anual e plurianual da actividade das ditas entidades instrumentais.

En concreto, a dita lei preveu os seguintes instrumentos de planificación das entidades instrumentais: plans anuais de actuación, plans plurianuais iniciais e contratos de xestión.

Destes instrumentos, adquiren especial relevancia, polo seu carácter plurianual, os contratos de xestión previstos no artigo 80 da devandita Lei 16/2010, do 17 de decembro para as axencias públicas autonómicas.

A Lei 12/2011, do 26 de decembro, modificou o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, estendendo a posibilidade de asinar contratos programa (que se equiparan ao contratos plurianuais de xestión) a outro tipo de entidades, mencionando de xeito expreso as seguintes: as entidades públicas empresariais, as sociedades mercantís públicas autonómicas, as fundacións do sector público autonómico, os consorcios públicos autonómicos e demais entidades instrumentais do sector público autonómico non recollidas no orzamento consolidado.

Finalmente, o Consello da Xunta de Galicia aprobou en marzo de 2012 a Instrución pola que se regula o procedemento para a elaboración dos contratos de xestión ou contratos programa e a composición das comisións de control e seguimento de tales contratos. E tamén nesta liña, no ano 2016 aprobouse a Orde conxunta do 8 de xullo de 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regula o Plan inicial plurianual de actuación das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

2.2. Situación de diagnóstico

A Xunta de Galicia iniciou no ano 2009 un proceso de reestruturación do seu sector público instrumental, que se concretou na posta en marcha de tres plans de racionalización de entidades instrumentais. Nestes plans revisáronse todos os parámetros nos que desenvolven a súa actividade estas entidades: estrutura organizativa, administrativa, contractual, financeira, cun seguimento exhaustivo das relacións que estes organismos manteñen con outros entes, empresas ou administracións.

Estes plans de racionalización tiveron como obxectivos, por unha parte, reducir a dimensión da administración instrumental, mediante a extinción de organismos innecesarios, e por outra parte, para identificar áreas de mellora na xestión dos servizos públicos.

Polo tanto, respecto das entidades que seguen en funcionamento, acometéronse ao longo deste proceso unha serie de medidas de mellora, como poden ser a reestruturación de cadros de persoal, redistribucións organizativas, impulso a mecanismos de autoprovisión, ou implantación de contratos de xestión ou contratos programa.

Na actualidade, contan cun contrato de xestión aprobado e publicado as seguintes axencias públicas autonómicas: a Axencia Galega de Infraestruturas, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

3. OBXECTIVO, ÁMBITO DE APLICACIÓN E ÓRGANOS

O obxectivo deste programa consiste en dotar ás entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia de contratos de xestión ou contratos programas.

A normativa vixente prevé como instrumentos de xestión os seguintes: os plans anuais de actuación, os plans plurianuais iniciais, e os contratos de xestión ou contratos programas, resultando de especial relevancia aqueles instrumentos de planificación de carácter plurianual, como son os plans plurianuais iniciais, e os contratos de xestión ou contratos programas.

Tendo en conta que o momento oportuno para a elaboración do plan plurianual de actuación é no seo do proceso de creación da propia entidade, a planificación de traballos céntrase na dotación de contratos de xestión e contratos programa.

O ámbito de aplicación deste Programa abarca ás entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia, previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

En concreto, dentro do sector público, as actuacións céntranse en tres tipos de entidades: as axencias públicas autonómicas, as fundacións do sector público autonómico e as sociedades mercantís públicas autonómicas.

Así, en primeiro lugar, inclúense no programa as axencias públicas autonómicas, entidades respecto das cales a propia Lei 16/2010, do 17 de decembro, prevé expresamente a necesidade de aprobación deste instrumento de xestión de carácter plurianual. En segundo lugar, inclúense as cualificadas no artigo 45.b) da devandita lei como outras entidades instrumentais, é dicir, as fundacións do sector público autonómico e as sociedades mercantís públicas autonómicas.

Os órganos implicados na execución deste programa son os seguintes:

Órgano executor: entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia

Órganos colaboradores: Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa/
Secretaría Xeral da Presidencia/Secretarías Xerais Técnicas das Consellerías

4. FASES

O Programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia levarase a cabo en varias fases.

FASE	PERÍODO
Fase I	2021
Fase II	2022
Fase III	2023

Fase I

Na fase I, a desenvolver durante o ano 2021, dotarase ás axencias públicas galegas dos contratos de xestión e contratos programas.

Así mesmo, inclúense nesta fase, como equiparadas ás axencias públicas autonómicas, aquelas entidades que en virtude da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, debían adecuar o seu réxime ao disposto para as axencias públicas autonómicas.

Debe terse en conta que, das 16 entidades do sector público que teñen a consideración de axencia pública autonómica ou se equiparan a estas en virtude da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Axencia Galega de Infraestruturas e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde teñen un contrato de xestión aprobado e vixente para o ano 2021. Porén, ao rematar a vixencia do seu contrato de xestión no exercicio 2021, resulta tamén necesario proceder no último trimestre deste ano á elaboración dun novo contrato de xestión.

Ademais, con respecto á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, debe terse en conta que o Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, estableceu na súa disposición adicional novena que o contrato plurianual de xestión e os plans de acción anuais da Amtega, a que se refiren os artigos 80 e 81 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector

público autonómico, serán adaptados pola Axencia para incluír especificamente as novas competencias e funcións que se asumen en virtude deste decreto.

Deste xeito, os traballos a desenvolver na fase I implicarán ás axencias públicas autonómicas (16) segundo a planificación temporal que se indica a continuación:

ENTIDADE	1º Semestre	2º Semestre
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	X	
Axencia Galega de Emerxencias	X	
Axencia Galega de Servizos Sociais	X	
Axencia Tributaria de Galicia		X
Axencia Galega de Industrias Culturais	X	
Axencia Galega da Industria Forestal	X	
Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos	X	
Instituto Enerxético de Galicia		X
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural		X
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	X	
Axencia de Turismo de Galicia		X
Axencia Galega de Innovación	X	
Instituto Galego de Promoción Económica		X
Axencia Galega de Infraestruturas		X
Axencia Galega Para A Xestión do Coñecemento en Saúde		X
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia		X

Fase II

Na fase II, a desenvolver durante o ano 2022, dotarase ás fundacións do sector público autonómico de Galicia dos contratos de xestión ou contratos programa.

Esta segunda fase afectará ás 21 fundacións do sector público autonómico, coa excepción da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia -061, que xa conta cun contrato programa aprobado, segundo a planificación temporal que se indica a continuación:

ENTIDADE	1º Semestre	2º Semestre
Fundación Deporte Galego	X	
Fundación Semana Verde de Galicia	X	
Fundación Galicia Europa	X	
Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia		X
Fundación Pública Artesanía de Galicia		X
Fundación Pública Galega Rof Codina	X	
Fundación Cidade da Cultura de Galicia		X
Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo	X	
Fundación Pública Instituto Galego De Oftalmoloxía		X
Fundación Pública Galega de Medicina Genómica	X	
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	X	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne		X
Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar)		X
Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada		X
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	X	
Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense	X	
Fundación Galicia América		X
Fundación Pública Camilo José Cela	X	
Instituto Ferial de A Coruña		X
Instituto Ferial de Vigo		X

Fase III

Na fase III, a desenvolver durante o ano 2023, dotarase ás sociedades mercantís públicas autonómicas dos contratos de xestión ou contratos programa.

Esta terceira fase afectará ás 13 sociedades mercantís públicas autonómicas.

ENTIDADE	1º Semestre	2º Semestre
Corporación Radio E Televisión De Galicia S.A.		X
Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.	X	
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	X	
Galicia Calidade, S.A.		X
XesGalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Inversión De Tipo Pechado, S.A.U.		X
Xestión Do Solo De Galicia - Xestur S.A.	X	
Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.		X
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.		X
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.		X
Xenética Fontao, S.A.	X	
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	X	
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	X	
Sodiga Galicia, Sociedad de Capital Riesgo, S.A.	X	

5. SEGUIMIENTO

O Programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia será obxecto de seguimento a través da elaboración dun informe anual, que se elaborará no primeiro trimestre de cada ano, analizando as actuacións levadas a cabo no período anterior.

Os indicadores de seguimento do programa son o número de contratos de xestión e contratos programa aprobados en cada período.

O devandito informe anual recollerá ademais do cumprimento dos indicadores de seguimento sinalados unha descrición dos traballos realizados, así como o enlace aos contratos de xestión ou contratos programa aprobados e publicados ao abeiro deste programa.